

# Seminario: Museos, feminismos, canons. Outras historias da arte

Xoves 29 de febreiro de 2024

De 16:00 a 19:30 h no Edificio Castelao

**Organiza:** Museo de Pontevedra, coa colaboración da Área de Antropoloxía social e cultural da Universidade de Vigo

**Apoio á coordinación:** Fátima Braña Rey (Uvigo), Aldana Fernández Cambas (USC).

Enmarcada dentro das liñas de investigación sobre a perspectiva de xénero e a necesidade de pensar novas narrativas nos museos do século XXI, a segunda edición do seminario *Museos, feminismos, canon* repasará algúns dos estereotipos femininos que perduraron durante séculos e o papel que teñen os museos na transformación social que recoñeza a importancia da muller na historia e na historia da arte. Estas novas narrativas contribúen a cuestionar o canon establecido e a desenvolver relatos que permitan imaxinar novas posibilidades no ámbito da museoloxía.

O obxectivo do seminario é debater sobre a importancia da perspectiva feminista na institución museística para cuestionar a perpetuación de determinados discursos que a museoloxía crítica propúxose revisar dende os anos noventa. Cuestionar modelos historiográficos que exclúen ás persoas por razóns de raza, xénero ou clase é un dos retos éticos contemporáneos no ámbito dos museos, que avanza paralelamente aos cambios que, nos últimos anos, permitiron afondar no recoñecemento do papel dos mulleres na historia. Trátase de reorientar estratexias; non só de dar presenza á muller nas coleccións, senón de revisar os discursos patriarcais sobre os que se constrúe a historia da arte.

## PROGRAMA

### 16:00.- Presentación do seminario

M<sup>a</sup> Ángeles Tilve Jar, *directora do Museo de Pontevedra*

### 16:15-17:15.- Conferencia: Os lugares das mulleres na historia: novas narrativas desde os museos do século XXI

Isabel Izquierdo Peraile, *directora do Museo Arqueolóxico Nacional (MAN)*.

O recoñecemento da muller, así como doutros grupos sociais tradicionalmente invisibles no pasado, foi impregnando as investigacións históricas e arqueolóxicas das últimas catro décadas no noso país e no contexto internacional. A visión do papel e dos lugares da muller dende a Prehistoria ata o mundo contemporáneo vaise transformando pouco a pouco, aínda que queda moito camiño por percorrer. Ao mesmo tempo, os museos, como institucións de referencia na sociedade,

avanzan neste recoñecemento da muller na historia. As novas narrativas impulsan a transferencia deste coñecemento cada vez máis grande e menos nesgado á sociedade. Neste sentido, darlle visibilidade á axenda feminina ao longo da historia e mediar cos diversos públicos dos museos ofrece grandes oportunidades no ámbito da educación patrimonial, especialmente para o público infantil e xuvenil, así como novas posibilidades de transformación social.

**NOTA BIOGRÁFICA:** Isabel Izquierdo Peraile é doutora en Historia (especialidade en Arqueoloxía) pola Universidade de Valencia (1998), investigadora e xestora cultural. Pertence ao Corpo Facultativo de Conservadores de Museos Estatais do Ministerio de Cultura, desde 2001. Durante case dez anos foi xefa do servizo de Planificación de Museos Estatais do Ministerio de Cultura, onde coordinou numerosos proxectos de reforma de infraestruturas, especialmente museos arqueolóxicos e entre eles, o Museo Arqueolóxico Nacional (2014). Desenvolveu un amplo currículo de investigación en arqueoloxía e museoloxía, dende 1995 ata a actualidade, con especial dedicación ao estudo da cultura ibérica e dos museos arqueolóxicos. Dende a súa tese de doutoramento sobre os monumentos funerarios ibéricos (1998) interesouse polo estudo dos rituais e da sociedade ibérica (muller, infancia...) a partir da análise da cultura material e da iconografía ibérica. Conta con máis de cen publicacións especializadas nacionais e internacionais. Foi vogal asesora da Dirección Xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura desde 2015 e, posteriormente, directora de Programación da Sociedade Estatal de Acción Cultural Española (AC/E) desde outubro de 2020. O 15 de abril de 2023 foi nomeada directora do Museo Arqueolóxico Nacional (MAN), resolvéndose así a convocatoria pública convocada polo Ministerio de Cultura.

### **17:15-17:30.- Descanso**

### **17:30-18:30.- Conferencia: Estereotipos femininos. A súa representación nos mosaicos romanos**

M<sup>a</sup> Luz Neira Jiménez, *catedrática de Historia Antiga, Universidade Carlos III de Madrid*

Xa na Antigüidade Clásica, os testemuños da cultura escrita e as manifestacións da cultura visual reflicten unha serie de estereotipos femininos, cuxa repercusión ao longo da historia chegou nalgúns casos ata os nosos días. Particularmente representativas son as imaxes conservadas na musivaria romana, onde se documenta un amplo repertorio de figuras femininas, entre as que tamén se atopan algunhas de carácter mitolóxico, que responden segundo as mencións nas fontes literarias á consideración da muller na sociedade romana da época imperial. Incídese no papel das esposas, nais, fillas, mulleres virtuosas, e nas súas antiteses, que representaban o modelo a evitar, así como outras sensibilidades que reflicten diferentes estereotipos, fóra da estrutura familiar tradicional do Imperio Romano. Ademais, como consecuencia da gran diversidade de escenas da vida cotiá, as representacións musivas tamén amosan un número moi importante de figuras femininas en diferentes contextos, destacando entre elas criadas, músicos, bailaríns e actrices, que actuaban tanto no ámbito doméstico como privado. Así como nos espectáculos públicos, cunha aceptación desigual, segundo autores antigos. Moitos destes tópicos estiveron vixentes ao longo dos séculos, chegando ata os nosos días, polo menos nalgúns sectores da sociedade.

**NOTA BIOGRÁFICA:** M<sup>a</sup> Luz Neira Jiménez é catedrática de Historia Antiga da Universidade Carlos III de Madrid. Como especialista no estudo dos mosaicos romanos, as súas investigacións foron publicadas en máis de 122 traballos, en revistas científicas, monografías, volumes colectivos españois e estranxeiros e actas de congresos, tendo impartido numerosas conferencias e participado en seminarios e congresos internacionais. O seu traballo supuxo a reivindicación dos mosaicos romanos e do seu contexto como fonte documental de primeiro nivel para o estudo das elites, as mulleres, os servos, os escravos e a sociedade en xeral do Imperio Romano, abordando a relación entre a Cultura Escrita e a Cultura Visual. Elixida membro do Conseil d'Administration da Association Internationale pour l'Étude de la Mosaïque Antique (2015-2019) e reelixida por outros cinco anos (2020-2024), foi membro do Comité Científico de varios coloquios internacionais. Na UC3M é a directora do Seminario Internacional en torno a los Mosaicos Romanos (SMR), do que xa se celebraron 13 edicións (2006-2021). Realizou estancias de investigación no Deutsches Archäologisches Institut (DAI) de Roma (1989 e 1993), no DAI de Damasco (1990), na Österreichische Akademie der Wissenschaften (OAW) de Viena (1995 e 1996) e nas Universidades de Siena (2012), Sassari (2013), Nova de Lisboa (2014, 2015 e 2016), Calabria (2018) e en Roma Tre cunha Salvador de Madariaga (2022).

**18:30-19:30**

**Conferencia: "Lecturas femininas"? Mulleres e libros na Baixa Idade Media**

Rosa M. Rodríguez Porto, *contratada Ramón y Cajal, Universidade de Santiago de Compostela, e Adjunct Associate Professor, Universidade do Sur de Dinamarca*

Esta charla pretende ofrecer unha visión xeral da representación das mulleres lectoras na cultura visual baixomedieval, prestando especial atención á ilustración de libros tanto relixioso-devocionais coma profanos. Máis aló de fórmulas visuais codificadas asociadas á figuración das mulleres sabias (santa Catalina) ou das piadosas (a propia Virxe María na Anunciación), trataremos de analizar aqueles exemplos nos que as mulleres son representadas como autoras ou autoridades en termos intelectuais, así como discutir certos estereotipos sobre o que se considerarían "lecturas femininas" na Idade Media.

**NOTA BIOGRÁFICA:** Rosa M. Rodríguez Porto doutorouse en Historia da Arte pola USC en 2012, e na actualidade é contratada por Ramón y Cajal nesta mesma universidade, ademais de Profesora Asociada Adxunta na Universidade do Sur de Dinamarca. O seu traballo centrouse fundamentalmente no estudo do libro iluminado e da cultura visual baixomedieval, como así o testemuñan as súas numerosas publicacións dedicadas á análise da obra cultural de Alfonso X, a biblioteca do Marqués de Santillana e os intercambios culturais entre a Península Ibérica e Italia, a ilustración do libro de historia na Idade Media, a tradición clásica e a recepción da lenda troiana na Idade Media, así como a circulación de obxectos de luxo no espazo euroasiático e mediterráneo a finais da Idade Media.

Acceso libre.

Entregaráselles un certificado de asistencia ás persoas que se inscriban previamente en [reservas.museo@depo.gal](mailto:reservas.museo@depo.gal).